

**PROGRAMACIÓN DOCENTE DE CONCERTACIÓN I**

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN									
DISCIPLINA: <b>CONCERTACIÓN I</b>									
ESPECIALIDADE	Interpretación				ITINERARIO			CANTO	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE			COLECTIVA	
DEPARTAMENTO	Orquestra				XEFE DE DPTO.			Xavier Fernández Rodríguez	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso	4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA		José Javier Sanz Vila
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:
ECTS/CUAD.	1,5								Observacións:
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB			TITORÍA	
	José Javier Sanz Vila				josejavier.sanz@edu.xunta.gal			Xoves de 13 a 14h	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Estudo e interpretación do repertorio concertante de ópera, zarzuela e oratorio. Capacidades relacionadas coa comprensión e resposta ás indicacións do/a director/a, a integración no conxunto vocal e a súa relación co instrumento ou os/as acompañantes.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os implícitos na proba de acceso ao grao superior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	<p>Concertación é unha disciplina propia da especialidade de Interpretación/Canto, que ten como obxectivo fundamental a profundización no coñecemento do Repertorio Concertante de Ópera, Zarzuela e Oratorio, e no desenvolvemento das capacidades relacionadas coa interpretación a dúo, terceto e/ou conxunto noutros xéneros vocais.</p> <p>Ten relación directa coas disciplinas dos diferentes repertorios do canto, así como coas de Música de cámara e Interpretacións históricas.</p> <p>Esta disciplina deberá capacitar ao alumnado para o desenvolvemento de números concertantes, dúos e outra formacións vocais dentro do seu repertorio da ópera, zarzuela e oratorio, ademais do traballo de obras vocais doutros xéneros que teñan implícita a interpretación a mais dunha voz solista.</p>
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T7, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X7, X8, X10, X11, X17, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI3, EI4, EI8, EI10
Ver a lista e descrición de competencias correspondente anexo do Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Desenvolver a capacidade de interpretación camerística, integrándose como membro dun conxunto nas diferentes tensións do desenvolvemento expresivo musical.	T3, T6, T7, T13, X7, X8, X24, EI1, EI3, EI8
Ter conciencia da importancia de traballar en equipo, a asistencia a clase có seu papel aprendido e respectando aos seus compañeiros tanto persoal como artisticamente.	T3, T6, T7, T13, X7, X8, X24, EI1, EI3, EI8
Responder correctamente as indicacións feitas polo director/a en todos os aspectos técnicos estilísticos (articulación, fraseo, dinámica, planos sonoros...)	T1, T6, T7, T13, X1, X2, X7, X8, X10, X11, X17, X24, EI1, EI3, EI4, EI8, EI10



Afinar correctamente as obras traballadas no curso, integrarse no conxunto vocal e có pianista ou o grupo instrumental acompañante.	T1, T3, T6, T13, X1, X2, X7, X8, X11, X24, EI1, EI3, EI4, EI8, EI10
Diferenciar os estilos interpretativos das diferentes épocas e autores dentro do repertorio concertante.	T1, T6, T7, T13, X1, X2, X7, X8, X10, X11, X17, X24, EI1, EI3, EI4, EI8, EI10
Desenvolver os recursos vocais que lle permitan aplicar os coñecementos de fonética e prosodia particulares de cada lingua.	T1, T3, T13, X7, X8, X11, X17, X24, EI1, EI3, EI4

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1- A interpretación segundo o xénero e o autor	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O repertorio a traballar. Contexto histórico e estilístico</li> <li>- Técnica ou técnicas utilizadas en pro dunha interpretación adecuada á época das composicións vocais.</li> <li>- A ornamentación segundo a época e o autor</li> </ul> <p><i>*De ser posible, e dependendo da distribución do alumnado por grupos, procuraranse traballar obras dos xéneros propios do repertorio que o alumno teña programado no seu curso.</i></p>	6
2- A arquitectura sonora	<p>Traballo específico da respiración e coñecemento das diferentes técnicas cara ao apoio e o ataque das notas.</p> <p>Elaboración da columna de aire segundo ás obras (xénero e estilo)</p>	2
3- O xesto do director	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento de xestos básicos de dirección cara ao seu seguimento</li> <li>- Adecuación ao xesto do director durante as interpretacións</li> </ul>	2
4- A afinación, a articulación e o fraseo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise rápido e eficaz dunha obra cara á súa interpretación a primeira vista.</li> <li>- Estratexias para saber afinar con precisión.</li> <li>- Desenvolvemento na técnica correcta conseguindo o legato necesario e a articulación correcta durante as interpretacións</li> <li>- Análise con respecto ás respiracións, flexións harmónicas..., co fin de buscar o mellor fraseo e desenvolvemento interpretativo das obras.</li> </ul>	2
5-A lectura a primeira vista	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Habilidade necesarias para realizar unha lectura dunha obra sen necesidade de facer soar a totalidade de elementos que a completan</li> <li>-Estratexias para saber afinar con precisión.</li> </ul>	1
6- A dicción. Idiomas alemán e italiano aplicados ó canto.	-Aplicación da correcta dicción dos idiomas nos que se interpretan as obras, incidindo nos correspondentes ao primeiro curso da especialidade (italiano e alemán).	2
7- A importancia do estudo	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise da obra, métodos de comprensión e memorización da mesma</li> <li>- Economización cara ao traballo</li> </ul>	1
*Todos os contidos aparecen temporalizados cun número de sesións determinados, referidas a aquelas nas que se dedica a maior parte da clase, pero, debido ao seu carácter transversal, son traballados ao longo de tódalas sesións.		16
TOTAL SESIÓNS:		

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA (PRESENCIAL)			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Actividades introdutorias (Saúdo inicial; posta en común dos coñecementos que posúen os alumnos/as ao comezo do curso, e exposición das expectativas que teñen cara ao cuadrimestre que comeza).	1		1
Exposición maxistral (exposición teórica dos contidos a traballar durante as clases. Contextualización das obras escollidas e puntualizacións técnicas <i>a priori</i> das mesmas.)	2		2
Exposición práctico-teórica (Exposición para introducir os aspectos teóricos e estilísticos aplicables no repertorio a estudar. )	4		2

Práctica individual ( Tempo que o alumno/a dedicará á práctica do repertorio, en clase ou na casa)	14	16	30
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a con respecto ao autor, estilo, fonética, tradución do texto ...)	1		1
Pescuda de información, traballo persoal (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).		5	5
Actividades complementarias (Asistencia a concertos, seminarios, conferencias..., relacionados coa materia).			
Titorías (atención particular aos alumnos/as)		1	1
Actividades de avaliación: 1.Proba práctica coa interpretación da totalidade do repertorio traballado durante o cuadrimestre 2. Audición (interpretación en audición pública de repertorio traballado nas clases) 3.Revisión de probas	1 1	1	1 1 1
<b>TOTAL HORAS:</b>			<b>45</b>

<b>6. AVALIACIÓN</b>			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA</b>			
<b>6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA</b>			
Seguimento do rendemento do alumno (Caderno do Profesor)	Asistir ás clases con regularidade e puntualidade. Amosar unha actitude positiva e interese pola disciplina. Amosar una correcta emisión e control da voz dentro do grupo. Demostrar capacidade de resposta na asimilación dos diferentes conceptos técnicos, estilísticos e musicais que se traballarán nas sucesivas clases. Demostrar un control correcto do aire e a afinación na interpretación do repertorio Utilizar a pronunciación correcta do texto, a través dunha axeitada articulación. Amosar un equilibrio nas dinámicas en relación aos demais membros do conxunto. Aplicar os coñecementos estilísticos e estéticos a cada época ás obras do repertorio a interpretar.	Todas	30%
Audicións-exames de aula.	Amosar una correcta emisión e control da voz na interpretación do repertorio. Ser quen de cantar cunha correcta afinación. Utilizar a pronunciación correcta do texto, a través dunha axeitada articulación. Amosar comprensión do texto e da escritura pianística na interpretación. Ser quen de interpretar o repertorio proposto co carácter axeitado ao xénero vocal ao que pertenza. Demostrar o control do tempo nas obras a interpretar. Amosar un equilibrio na dinámica en relación co piano, ou instrumentos acompañantes, de ser o caso. Aplicar os coñecementos estilísticos e estéticos a de cada obra a interpretar. Demostrar un control correcto do aire e a afinación na interpretación do repertorio Ser quen de interpretar o repertorio con soltura e seguridade na presenza escénica	Todas	20%
Audición pública.	Amosar una correcta emisión e control da voz na interpretación do repertorio. Ser quen de cantar cunha correcta afinación. Utilizar a pronunciación correcta do texto, a través dunha axeitada articulación. Amosar comprensión do texto e da escritura pianística na interpretación. Ser quen de interpretar o repertorio proposto co carácter axeitado ao xénero vocal ao que pertenza.	Todas	50%

	<p>Demostrar o control do tempo nas obras a interpretar.          Amosar un equilibrio na dinámica en relación co piano, ou instrumentos acompañantes, de ser o caso. Aplicar os coñecementos estilísticos e estéticos a de cada obra a interpretar.          Demostrar un control correcto do aire e a afinación na interpretación do repertorio          Ser quen de interpretar o repertorio con soltura e seguridade na presenza escénica.</p>		
<b>6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)</b>			
-Exame final, en audición pública.	<p>Amosar una correcta emisión e control da voz na interpretación do repertorio.          Ser quen de cantar cunha correcta afinación.          Utilizar a pronunciación correcta do texto, a través dunha axeitada articulación.          Amosar comprensión do texto e da escritura pianística na interpretación.          Ser quen de interpretar o repertorio proposto co carácter axeitado ao xénero vocal ao que pertenza.          Demostrar o control do tempo nas obras a interpretar.          Amosar un equilibrio na dinámica en relación co piano, ou instrumentos acompañantes, de ser o caso. Aplicar os coñecementos estilísticos e estéticos a de cada obra a interpretar.          Demostrar un control correcto do aire e a afinación na interpretación do repertorio          Ser quen de interpretar o repertorio con soltura e seguridade na presenza escénica</p>	Todas	80%
-Proba de lectura a primeira vista	<p>Demostrar a capacidade de interpretación a primeira vista de fragmentos vocais nos que o/a alumno/a deba asumir roles musicais diferentes.</p>	Todas	20%
<b>6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*PERDA AVALIACIÓN CONTINUA)</b> <i>* (Alumnos/as que superen as 2 faltas por Cuadrimestre, segundo o Protocolo aprobado polo Consello Escolar)</i>			
-Exame final, en audición pública.	<p>Amosar una correcta emisión e control da voz na interpretación do repertorio.          Ser quen de cantar cunha correcta afinación.          Utilizar a pronunciación correcta do texto, a través dunha axeitada articulación.          Amosar comprensión do texto e da escritura pianística na interpretación.          Ser quen de interpretar o repertorio proposto co carácter axeitado ao xénero vocal ao que pertenza.          Demostrar o control do tempo nas obras a interpretar.          Amosar un equilibrio na dinámica en relación co piano, ou instrumentos acompañantes, de ser o caso.          Aplicar os coñecementos estilísticos e estéticos a de cada obra a interpretar.          Demostrar un control correcto do aire e a afinación na interpretación do repertorio          Ser quen de interpretar o repertorio con soltura e seguridade na presenza escénica</p>	Todas	80%
-Proba de lectura a primeira vista	<p>Demostrar a capacidade de interpretación a primeira vista de fragmentos vocais nos que o/a alumno/a deba asumir roles musicais diferentes.</p>	Todas	20%
<b>6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA</b>			
-Exame final, en audición pública.	<p>Amosar una correcta emisión e control da voz na interpretación do repertorio.          Ser quen de cantar cunha correcta afinación.          Utilizar a pronunciación correcta do texto, a través dunha axeitada articulación.          Amosar comprensión do texto e da escritura pianística na interpretación.          Ser quen de interpretar o repertorio proposto co carácter axeitado ao xénero vocal ao que pertenza.          Demostrar o control do tempo nas obras a interpretar.          Amosar un equilibrio na dinámica en relación co piano, ou instrumentos acompañantes, de ser o caso.          Aplicar os coñecementos estilísticos e estéticos a de cada obra a interpretar.          Demostrar un control correcto do aire e a afinación na interpretación do repertorio.</p>	Todas	80%

	Ser quen de interpretar o repertorio con soltura e seguridade na presenza escénica		
-Proba de lectura a primeira vista	Demostrar a capacidade de interpretación a primeira vista de fragmentos vocais nos que o/a alumno/a deba asumir roles musicais diferentes.	Todas	20%

No caso de haber máis dun alumno con opción a **Matrícula de Honra** no mesmo curso e materia, esta outorgarase a través dunha proba específica ao efecto sobre os contidos propios do cuadrimestre.

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	
DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Como medida ordinaria de atención á diversidade, o profesorado pode adaptar os materiais empregados para traballar os contidos dentro da aula e mesmo a secuenciación de contidos, acelerándoa ou ralentizándoa puntualmente para adaptala ó ritmo de aprendizaxe do alumnado. Considérase medida ordinaria posto que a fin de curso se terían impartido todos os contidos contemplados dentro do tempo contemplado na programación.</p> <p>Por outra banda, e como medida extraordinaria, poderían adaptarse os contidos, previo informe do equipo de orientación específico da Consellería, respectando sempre o esencial dos obxectivos fixados para cada curso.</p>	<p>No caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e para garantir os devanditos principios de igualdade de oportunidades, de non discriminación e de compensación de desvantaxes, as probas de avaliación ás que este alumnado se presente ó longo do curso serán adaptadas en tempo e forma, sempre e cando esta necesidade estea recoñecida oficialmente e seguindo as especificacións marcadas polo equipo de orientación específico da Consellería en cada caso.</p>

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS
<p><b>Obras orientativas:</b></p> <p>Bach (Magnificat, Gott der Herr ist Sonn und Schild, Messe in h-moll), Barbieri (El barberillo de lavapies, Los diamantes de la corona), Bellini (Norma, Sonámbula), Bernstein (West side story), Bizet (Carmen, Les pecheurs de perles), Brahms: Duette (Op. 20, 61, 66 e 75), Britten (Peter grimes, Billy Budie), Catalani (La wally), Charpentier (Louisse), Debussy (Pelleas et Melisande), Dvorak (Duette, Op. 20, 32 e 38), Donizetti (L'elisir d'amore, D. Pasquale), Gilbert and Sullivan (Mikado), Gluck (Alceste), Gerswhin (Porgy and Bess), Gounod (Faust, Romeo et Juliete), Guerrero (El huésped del sevillano, La rosa del azafrán..), Guridi (El caserío), Haendel (Acis y Galatea, Messiah, Rodelinda, Saúl...), Haydn (Die Schöpfung, Stabat Mater), Humperdinck (Haensel und Gretel), Korngold (Die Tote Stadt), Lehar (Die Lustige Witwe, ), Leoncavallo (Pagliacci), Mendelssohn (Elijah, Lobgesang, Paulus), Menotti (The telephone), Mozart (Così fan tutte, Die Zauberflöte, Don Giovanni, La clemenza di Tito, Zaide...), Offenbach (Les contes d'Hoffmann), Puccini (Bohème, Madame Butterfly, Manon Lescaut, Le villi, Tosca...), Purcell (Dido and Aeneas, King Arthur, The fairy queen), Ravel (L'enfant et les sortilèges), Rossini (Generentola, Il barbiere di Seviglia, L'italiana in Algeri...), Schumann: Duette (op. 34, 74, 79/138), Soutullo (El último romántico), Torroba (Luisa Fernanda), Verdi (Ernani, Il trovatore, La traviata, Requiem, Rigoletto, Simon Bocanegra...), Vivaldi (Gloria), Vives (Doña Francisquita, Maruxa), Weber (Der freischütz), Wolf Ferrari (Il secreto di Susanna)</p> <p><b>Libros de consulta:</b></p> <p>Busch: <i>El director de coro</i>. Real Musical</p> <p>García, Manuel: <i>Tratado completo del arte del canto</i>. Ed. Reichenberger</p> <p>Graetzer: <i>Los adornos en las obras de J.S.Bach</i>. Ricordi</p> <p>Falcón, Laia: <i>La ópera, voz emoción y personaje</i>. Alianza música</p> <p>Fischer-Dieskau, D.: <i>Los Lieder de Schubert</i>. Alianza música</p> <p>Hannoncourt: <i>El diálogo musical</i>. Ed.. Paidós</p> <p>Hannoncourt: <i>La música como discurso sonoro</i>. Acantilado. Barcelona 2006</p> <p>Jacobs, A. y Sadie, S.: <i>El libro de la ópera</i>. Ediciones Rialp. Madrid. 1990</p> <p>Lawson e Stowell: <i>La interpretación histórica de la música</i>. Alianza música</p> <p>Mantel, Gerhard: <i>Interpretación. Del texto al sonido</i>. Alianza Música. Madrid. 2010.</p>



Martín López: *El italiano del melodrama. Estudio lingüístico-musical de la trilogía Da Ponte-Mozart*. Ed.. Universidad de Sevilla

Martínez: *El sentido humano en la obra de Puccini* . Ricordi

Ramos: *Juan Sebastián Bach.. Cantatas*

Ristad: *La música en la mente*. Ed.. Cuatro vientos

Sardo i Parals: *El gesto en la dirección de orquesta* . Ed..Clivis

Sopeña: *El nacionalismo y el Lied* . Real Musical

Starobinski: “Las hechiceras. Poder y seducción en la ópera” (Akal música)

-Partituras de Música de dominio público: [www.imslp.org](http://www.imslp.org)

-Catálogo de obras: [www.sheetmusicarchive.net](http://www.sheetmusicarchive.net) con partituras en pdf